

Primaria

# Lingua 5

Programación

## Unidade 8

1. Presentación da unidade
2. Obxectivos didácticos
3. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis
4. Selección de evidencias para o portfolio
5. Competencias: descritores e desempeños
6. Tarefas
7. Estratexias metodolóxicas
8. Recursos
9. Ferramentas de avaliación
10. Medidas para a inclusión e atención á diversidade
11. Autoavaliación do profesorado

## 1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

### Título

Un conto sen final

### Descrición da unidade

O texto que abre esta unidade está tomado e traducido de *Cuentos para jugar*, de Gianni Rodari. E como se xoga? Pois deixando que sexa o lector quen decida o final da historia. Se na unidade anterior se traballaba a introdución dos contos, aquí analízanse o nó e o desenlace, a partir da lectura inicial e fomentando a creatividade do alumnado dunha maneira lúdica.

Ademais, abórdanse outros contidos ao fío do conto, como o vocabulario relacionado coa noite ou os xentilicios. Trátase, en definitiva, de profundar no coñecemento da lingua, de mellorar a capacidade de expresión e de poñer a proba as competencias dos escolares da man dunhas divertidas pantasma. Para rematar, celebramos a Candeloria, que chama xa pola primavera.

Un dos principais obxectivos é que os alumnos vexan as súas novas aprendizaxes de maneira atractiva e motivadora, que gocen aprendendo.

A través das diferentes actividades propostas na unidade, preténdese que os alumnos e as alumnas adquiren e reforcen os coñecementos seguintes:

- Comprensión do sentido xeral dun texto, oral ou escrito.
- Léxico referido á noite.
- Formación de xentilicios.
- Identificación dos determinantes numerais e indefinidos.
- Uso da coma.
- Organización dun texto en parágrafos.
- Estrutura do conto: nó e desenlace.
- Aspectos do patrimonio natural e cultural.

### Temporalización:

Febreiro

## 2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Utilizar correctamente o léxico referido á noite.
2. Formar xentilicios con sufixos dados.
3. Identificar e utilizar con corrección os determinantes numerais e indefinidos.
4. Utilizar a coma correctamente.
5. Recoñecer o nó e o desenlace como partes da estrutura dun conto.

### 3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Audición do texto da lectura e o do apartado «Escoito e falo» cunha actitude favorable.</li> <li>• Lectura e comprensión dun texto narrativo.</li> <li>• Adquisición de novo vocabulario referido á noite e formación de xentilicios mediante sufixos.</li> <li>• Identificación dos determinantes numerais e indefinidos.</li> <li>• Uso da coma.</li> <li>• Organización dun texto en parágrafos.</li> <li>• Estrutura do conto: o nó e o desenlace.</li> <li>• Coñecemento do patrimonio cultural e natural: a Candeloria.</li> </ul>	1. escoitar textos orais en silencio, mostrando interese e respecto.	1.1. escoita textos orais atentamente.
	2. Ler un texto narrativo con fluidez e comprensión.	2.1. Le un texto narrativo con fluidez e corrección. 2.2. Comprende o sentido global dun texto e responde cuestións de comprensión. 2.3. Recoñece a retranca e a ironía nunha situación comunicativa.
	3. Enriquecer o vocabulario con palabras referidas á noite e formar xentilicios.	3.1. Asimila e aplica o vocabulario aprendido: léxico referido á noite e palabras novas. 3.2. Forma xentilicios con sufixos dados.
	4. Coñecer as formas dos numerais e dos indefinidos e utilízalas correctamente.	4.1. Identifica e usa os determinantes numerais e indefinidos.
	5. Coñecer e utilizar con corrección as normas de uso da coma.	5.1. Usa a coma correctamente.
	6. Organizar un texto en parágrafos.	6.1. Identifica a idea principal de cada parágrafo dun texto. 6.2. Escribe un texto organizado en parágrafos.
	7. Recoñecer o nó e o desenlace na estrutura dun conto.	7.1. Identifica o nó e o desenlace na estrutura dun conto.
	8. Aprender algúns aspectos propios do noso patrimonio natural e cultural.	8.1. Mostra interese por coñecer algúns aspectos propios da nosa paisaxe e da nosa cultura.

#### 4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar buscaremos evidencias dos alumnos que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF)

Estándares de aprendizaxe avaliados	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. escoita textos orais atentamente.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CD-Audio do LA.</li> </ul>
2.1. Le un texto narrativo con fluidez e corrección.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Suxestións metodolóxicas da PD.</li> </ul>
2.2. Comprende o sentido global dun texto e responde cuestións de comprensión.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Selección de actividades do LA.</li> <li>• Ficha de comprensión lectora dos RF.</li> <li>• Actividades propostas na PD.</li> </ul>
2.3. Recoñece a retransa e a ironía nunha situación comunicativa.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Selección de actividades do LA.</li> </ul>
3.1. Asimila e aplica o vocabulario aprendido: léxico referido á noite e palabras novas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Selección de actividades do LA.</li> <li>• Actividades propostas na PD.</li> </ul>
3.2. Forma xentilicios con sufixos dados.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Selección de actividades do LA.</li> <li>• Actividade 1 de reforzo e actividade 1 de ampliación dos RF.</li> <li>• Actividades propostas na PD.</li> </ul>
4.1. Identifica e usa os determinantes numerais e indefinidos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Selección de actividades do LA.</li> <li>• Actividade 2 e 4 de reforzo e actividade 2 de ampliación dos RF.</li> <li>• Actividades propostas na PD.</li> </ul>
5.1. Usa a coma correctamente.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Selección de actividades do LA.</li> <li>• Actividade 3 de reforzo e actividade 3 de ampliación dos RF.</li> <li>• Actividades propostas na PD.</li> <li>• CD-Audio do LA (ditado).</li> </ul>
6.1. Identifica a idea principal de cada parágrafo dun texto.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Selección de actividades do LA.</li> </ul>

6.2. Escribe un texto organizado en parágrafos.	<ul style="list-style-type: none"><li>• Selección de actividades do LA.</li></ul>
7.1. Identifica o nó e o desenlace na estrutura dun conto.	<ul style="list-style-type: none"><li>• Selección de actividades do LA.</li><li>• Actividade 4 de ampliación dos RF.</li><li>• Proposta de aprendizaxe cooperativa na PD.</li></ul>
8.1. Mostra interese por coñecer algúns aspectos propios da nosa paisaxe e da nosa cultura.	<ul style="list-style-type: none"><li>• Selección de actividades do LA.</li><li>• Suxestións metodolóxicas da PD.</li></ul>

## 5. COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Ler, comprender e comentar textos.	Entende os textos propostos para a realización das actividades.
	Gozar coa lectura.	Desenvolve o interese cara á lectura como fonte de aprendizaxe e entretemento.
	Captar o sentido dos textos orais.	Garda silencio e desenvolve a atención necesaria para entender o sentido dun texto.
	Utilizar o coñecemento das estruturas lingüísticas, normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos.	Entende a importancia de respectar as normas gramaticais e ortográficas para unha mellor expresión.
	Expresarse oralmente e por escrito de maneira ordenada e clara.	Exprésase con corrección.
	Respectar as normas de comunicación en calquera contexto.	Entende a importancia de utilizar fórmulas de cortesía nas diversas situacións comunicativas.
	Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.	Elabora creacións propias aplicando técnicas literarias.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</i>	Realizar argumentacións con esquemas lóxico-matemáticos.	Aplica o razoamento dedutivo.
	Identificar e manipular elementos matemáticos en situacións cotiás.	Utiliza os números para expresar con claridade e precisión datos e informacións.
<i>Competencia dixital.</i>	Utilizar canles de comunicación audiovisual para facilitar o traballo.	Utiliza as TIC como apoio para a aprendizaxe.
	Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.	Interpreta información verbal e gráfica.
	Elaborar información propia derivada de información obtida a través de distintos medios.	Elabora textos propios a partir da información obtida en distintas fontes.

<i>Aprender a aprender.</i>	Empregar distintas fontes para a busca de información.	Manexa o dicionario e consulta información noutras fontes.
	Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión dos contidos.	Mellora a capacidade de memorización mediante o recitado de textos poéticos. Utiliza técnicas de traballo que facilitan a aprendizaxe.
	Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes.	Realiza actividades seguindo unhas pautas.
	Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, emocional e interdependente.	Desenvolve un pensamento propio e expresa as súas ideas e opinións.
	<i>Intelixencias múltiples:</i> Desenvolve as distintas intelixencias múltiples.	Oriéntase a partir dunhas indicacións dadas.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.	Implícase activamente nos traballos de grupo.
	Coñecer e aplicar normas básicas de convivencia.	Respecta os costumes e as normas, en tanto que elementos fundamentais para unha convivencia harmónica.
	<i>Educación en valores:</i> Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.	Valora a tolerancia e a xenerosidade, e rexeita calquera actitude discriminatoria ou ofensiva. Valora as tradicións como elementos culturais que definen un pobo.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Ser constante no traballo superando as dificultades.	Mostra unha actitude responsable na realización das tarefas e interese por mellorar.
	Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas.	Desenvolve a desinhibición necesaria para xogar e interactuar cos compañeiros.
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.	Coida a presentación nas actividades desenvolvidas.
	Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural.	Goza coa poesía e coa riqueza do contorno natural.

## 6. TAREFAS

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF) / Libro dixital (LD)

### Tarefa 1: Comentario da lectura

- Escoitamos o texto da lectura no CD-Audio ou lémosllelo en voz alta aos alumnos.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con actividades da PD e coa ficha de comprensión lectora dos RF.

### Tarefa 2: Vocabulario

- Aprendemos o léxico referido á noite no LA e co apoio do dicionario.
- Traballamos a formación de xentilicios.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con actividades da PD e coas fichas de reforzo e ampliación dos RF.

### Tarefa 3: Gramática

- Aprendemos no LA a identificar os determinantes numerais e indefinidos.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos coas fichas de reforzo e ampliación dos RF.

### Tarefa 4: Ortografía

- Aprendemos no LA o uso da coma.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Escoitamos o ditado no CD-Audio.
- Completamos con actividades da PD e coas fichas de reforzo e ampliación dos RF.

### Tarefa 5: Expresión

- Aprendemos no LA a organizar un texto en parágrafos.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con suxestións metodolóxicas da PD.

### Tarefa 6: Literatura

- Aprendemos a estrutura dos contos no LA.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con suxestións metodolóxicas da PD.
- Realizamos outras actividades, que propón a PD, de traballo cooperativo.

### Tarefa 7: Repaso da unidade

- Realizamos as actividades de repaso da unidade do LA e do LD.
- Recompilamos as actividades para o portfolio do alumno.
- Completamos con actividades da PD.

### Tarefa 8: A nosa cultura

- Aprendemos no LA aspectos da nosa cultura.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.



- Completamos con suxestións metodolóxicas da PD.

## 7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

- Deberán reforzarse as habilidades de comprensión lectora e de expresión, tanto oral como escrita, mediante as diferentes modalidades textuais que se ofrecen na unidade.
- Cómpre desenvolver a creatividade do alumnado a partir dunhas pautas dadas e de acordo cuns modelos. Así, por exemplo, sería interesante propoñerlles que formulen diferentes finais para un conto que coñezan.
- Así mesmo, convén fomentar o aspecto lúdico da linguaxe mediante o xogo.
- Coma sempre, é fundamental fixar hábitos de traballo e habituar ao alumnado ao manexo correcto do dicionario.
- Tamén, é importante reforzar os contidos que ofrezan maior dificultade para os alumnos con abundante práctica.
- Suxerimos aproveitar o campo semántico da unidade para falar dos medos de cadaquén, e así fomentar tanto a expresión oral como a desinhibición, a autoestima e a intelixencia emocional necesarias para coñecerse a si mesmo, aceptarse, aprender mecanismos de autocontrol e interactuar cos demais.
- E en relación co Día da Candeloria, pódese estimular o interese do alumnado mediante a busca de información, a elaboración de murais, a recompilación de refráns relacionados con esta festa, a creación de poemas dedicados aos paxariños pola súa voda (seica casan este día) ou o visionado da película *A casa da luz* (baseada na novela homónima de Xabier Docampo). Ademais, pódelles falar do Día da marmota, que se celebra en EE.UU. na mesma data, e que está protagonizado por este durmiñón animal (segundo o seu comportamento, é posible predicir a duración do inverno).

## 8. RECURSOS

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Lingua:

- O CD-Audio que acompaña o libro do alumno.
- Dicionario de lingua (*Dicionario Xerais de Primaria*).
- Caderno complementario ao libro do alumno.
- Cadernos de ortografía e murais ortográficos.
- Murais de conxugacións verbais.
- Recursos fotocopiáveis da Proposta didáctica.
- Bibliografía:
  - Agustín Fernández Paz: *Fantasmas no corredor*, Edicións Xerais, col. Merlín.
  - ----- : *Malos tempos para os fantasmas*, Edicións Xerais, col. Merlín.
  - Gianni Rodari: *Contos por teléfono*, Ed. Kalandraka.
  - Jacques Prévert: *Contos para rapaces pillabáns*, Edicións Xerais, col. Merlín.
  - VV.AA.: *Contos para levar no peto*, Edicións Xerais, col. Merlín.

**Recursos dixitais**

- Libro dixital: os alumnos poderán reforzar ou ampliar os contidos estudados utilizando os recursos dixitais dispoñibles.
- CD que acompaña á Proposta didáctica, cos recursos fotocopiabes.
- Información de interese:
  - O reino dos contos: <http://www.oreinodoscontos.com>
  - A Candeloria, en *Galicia espallada*:  
[http://galicia.swred.com/candeloria\\_culturagalega.htm](http://galicia.swred.com/candeloria_culturagalega.htm)
  - Festas e feiras de Galicia: <http://feiras.galiciadigital.com/gl>

**9. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN**

- Proba de avaliación da unidade.
- Rexistro de avaliación (no anexo de avaliación).
- Avaliación do traballo competencial.

**10. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

- Que dificultades e potencialidades advirto no grupo durante o desenvolvemento da unidade?
- Como vou minimizar as dificultades?
- Que necesidades individuais prevexo no desenvolvemento da unidade?
- Que recursos e estratexias manexarei para atender ás necesidades individuais?

**11. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO**

- Que porcentaxe de alumnos alcanzaron os obxectivos de aprendizaxe da unidade?
- Que é o que mellor funcionou nesta unidade?
- Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o próximo curso? Por que?